

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Padrón sobre a obriga de ditar resolución expresa nos prazos legalmente previstos.

Expediente: B.9.Q/4569/19
(Relacionado con
N.7.Q/4150/18)

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por don ██████████ por peche supostamente ilegal dunha finca e falta de resposta do Concello de Padrón

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 23 de maio de 2018, don ██████████ presenta escrito de queixa ante o Valedor do Pobo, no que fai constar que:

“Con data 30 de agosto de 2017 presentei no Concello de Padrón unha denuncia por un peche dunha finca aparentemente ilegal. Con data 22 de decembro de 2017 como non tiña resposta presentei un escrito solicitando que se me respondese. A día de hoxe sigo sen ter resposta por parte do Concello.”

SEGUNDO.- A queixa (N.7.Q/4150/18)foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, sendo concluída en data 19 de novembro de 2018 coa seguinte observación:

“Se no prazo de seis meses non recibe unha resolución expresa e notificada da administración municipal de Padrón, sobre o remate do expediente urbanístico en trámite, pode vostede solicitar de novo a nosa intervención”.

TERCEIRO.- Con data 10 de outubro de 2019, don ██████████ presenta novo escrito que ocasionou a reapertura do expediente cun novo número , o B.9.Q/4569/19, solicitando, en data 12 de novembro de 2019, a emisión do preceptivo informe por parte dese concello.

CUARTO.- Con data 20 de xullo de 2020, recíbese a información solicitada da que compre destacar que:

1º.- No marco do expediente N.7.Q/4150/18, se emitiu informe xurídico en data **20 de febreiro de 2018** que remomendaba a emisión dun informe técnico, e en consecuencia, se procedeu a ditar providencia do alcalde de data **23 de outubro de 2018** que ordenaba que se levase a cabo visita de comprobación por parte dos servizos técnicos de urbanismo.

2º.- Que a elevada carga de traballo dos servizos técnicos determinou que non se xirase a visita ata o **14 de xullo de 2020**.

3º.- Que en data **16 de xullo de 2020** se emite informe técnico que recomenda levar a cabo dilixencias previas á incoación dun expediente de reposición, dado que non se pode averiguar o promotor das obras, que se corresponden cun tramo de peche lineal paralelo ao construído por D [REDACTED].

Dacordo co exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

- A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, exceptuándose os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio , así coma os procedementos relativos ao exercizo de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.
- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, si ben este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.
- Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo , iste será de tres meses.

-O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así coma os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver os directamente responsables, no ámbito das súas competencias, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa ex prazo.

O incumprimento de dita obriga dará lugar á esixencia de responsabilidade disciplinaria, sen perxuízo da que houbera lugar de acordo coa normativa aplicable.

SEGUNDA.- Pola súa banda o artigo 29 da xa citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que os termos e prazos establecidos nesa e noutras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos .

TERCEIRA.- Destacar tamén que tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

CUARTA.- No presente caso hai que recordar:

1º.- Que a primeira denuncia presentada por don ██████████ sobre o asunto obxecto da queixa, foi recibida no Concello de Padrón, en data 1 de setembro de 2017 (tal e como consta no informe emitido no expediente N.7.Q/4150/18) .

2º.- Que o informe xurídico que recomendaba a emisión dun informe técnico, é de data 20 de febreiro de 2018, informe no que se recomendaba xa incoar expediente de dilixencias previas á incoación dun expediente de reposición da legalidade.

3º.- Que a providencia do alcalde que ordena que se leve a cabo visita de comprobación por parte dos servizos técnicos de urbanismo, é de data de data 23 de outubro de 2018.

4º.- Que no informe emitido no expediente N.7.Q/4150/18, (concluído en data 19 de novembro de 2018 coa observación recollida no Antecedente Segundo desta resolución) xa facían constar que debido ao volume de traballo acumulado efectivamente estaba a transcorrer un período de tempo máis prolongado do desexable entre a denuncia e a visita de comprobación e a conseguinte incoación do expediente de reposición da legalidade.

5º.- Que a visita de comprobación foi efectuada en data 14 de xullo de 2020, emitíndose, en data 16 de xullo de 2020, informe técnico que recomenda levar a cabo dilixencias previas á incoación dun expediente de reposición,

Neste punto cómpre recordarlle que aínda tendo en conta as dificultades técnicas e prácticas ás que poida enfrontarse unha administración local para facer fronte ao exercicio das súas competencias, iso non pode ser óbice para a inobservancia das normas básicas que o rexen, nin pode explicar que un expediente non se tramite nos prazos legalmente establecidos

Por todo o exposto ata agora considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Padrón o seguinte :

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámosle que na tramitación dos expedientes deberá actuar dacordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución estando obrigado a ditar resolución expresa nos prazos legalmente previstos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con



especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)